



860

Solicitud de aprazamento / fraccionamento

20080515

▶ **Datos solicitante:**

▶ Primeiro Apelido ▶ Segundo Apelido

▶ Nome (ou denominación social)

▶ CIF/NIF/NIE ▶ Letra ▶ Tlf.

▶ Enderezo: Tipo de vía (rúa, praza, etc) ▶ Nome da vía

▶ Número ▶ Escaleira ▶ Andar ▶ Porta

▶ Localidade ▶ Provincia ▶ CP

▶ **Datos representante:** (cando proceda)

▶ Primeiro Apelido ▶ Segundo Apelido

▶ Nome

▶ NIF/NIE ▶ Letra ▶ Tlf.

▶ Enderezo: Tipo de vía (rúa, praza, etc) ▶ Nome da vía

▶ Número ▶ Escaleira ▶ Andar ▶ Porta

▶ Localidade ▶ Provincia ▶ CP

▶ **Identificación da débeda:**

en período voluntario

▶ Concepto tributario	▶ Ano/s	▶ Núm. Recibo/liquid	▶ Importe	▶ Data fin prazo período voluntario
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

en período executivo

▶ Concepto tributario	▶ Ano/s	▶ Núm. Recibo/liquid. ou expediente	▶ Importe	▶ Data fin prazo período voluntario
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

▶ **Proposta de pago** (marque unha opción)

Fraccionamento en (indique o núm.) prazos, mensuais, bimestrais e contía...

Aprazamento ata o día de de 200

▶ **Domiciliación na conta:**

▶ Entidade ▶ Oficina ▶ DC ▶ Número de conta

▶ **Motivación: a persoa solicitante expón que a súa situación económica- financeira actual lle impide transitoriamente facer fronte ao pago da débeda sinalada** (indique o motivo da petición: desemprego, nivel de renda, falta transitoria de liquidez, ...)

▶ **Documentación a achegar en todo caso**

a encher polo Concello

- Certificado dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade da persoa obrigada ao pago e referidas á data da solicitude
- Xustificante do depósito da garantía constituída segundo as instrucións indicadas no reverso
- En caso de persoas xurídicas, tamén Balance de situación e conta de perdas e ganancias do último exercicio pechado
- En caso de persoas físicas, tamén fotocopia das 2 últimas nóminas percibidas ou da última declaración do IRPF presentada

▶ Pontevedra, de de 20

▶ Sinatura solicitante ▶ Sinatura representante

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Concello de Pontevedra, Praza do Espiño s/n 36071 Pontevedra Tlf. 096 804 200

► Instruccións para cumprimentar a solicitude

► **Datos solicitante.** A persoa solicitante será a obrigada ao pagamento e poderá actuar por medio de representante.

► **Datos representante.** Só se cumprimentarán estes datos cando a persoa solicitante actúe a través dun representante asignado. En caso de persoas xurídicas (representación legal) a representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura debidamente lexitimada notarialmente ou por comparecencia. En caso de persoas físicas (representación voluntaria), bastará con que o **representante asine** esta solicitude, **xunto co solicitante** no espacio reservado para elo, e acheguen **copia dos NIF**.

► **Identificación da débeda.** Deberá indicarse se está en período voluntario de pagamento ou en período executivo:

- Débeda en período voluntario de cobro, os datos a consignar son os que figuran no documento de pago da liquidación das débedas que solicita o aprazamento ou fraccionamento, debendo achegar o documento de pagamento.
- Débeda en período executivo, indicará os datos sinalados anteriormente ou ben, o número de expediente executivo, achegando fotocopia da relación da débeda ou do documento de pagamento.

En **conceptos tributarios** deberá indicarse como:

IBI.....	Imposto sobre bens inmobles.
IAE.....	Imposto sobre actividades económicas.
IVTM.....	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
QUIOSCOS.....	Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por instalación de quioscos na vía pública.
VADOS.....	Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento de mercadorías de calquera clase.
MESAS E CADEIRAS.....	Taxa pola ocupación de terreos de uso público de mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.
MERCADOS.....	Taxa polos postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situados en terreos de uso público, industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
LIXO.....	Taxa pola recollida do lixo no rural.
ICIO.....	Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
IIVTNU.....	Imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana (Plusvalía)
LICENZAS URBANISTICAS.....	Taxa pola tramitación de licenzas urbanísticas.

► **Proposta de pago.** Indicarase riscando cunha X se solicita un fraccionamento ou un aprazamento. Se se trata de fraccionamento fará constar o número de pagos mensuais entre os límites comprendidos nos seguintes intervalos:

- Débedas maiores ou iguais a 300,00€ e menores a 900,00€ ata un máximo de 6 cotas mensuais ou 6 meses
- Débedas maiores ou iguais a 900,00€ e menores a 1.500,00€ ata un máximo de 12 cotas mensuais ou 12 meses
- Débedas maiores ou iguais a 1.500,00€ ata un máximo de 18 cotas mensuais ou 18 meses.

► **Motivación.** Deberá indicarse necesariamente as causas que acrediten que a súa situación económico- financeira lle impide, de xeito transitorio, realizar o pagamento nos prazos establecidos.

► **Garantía:**

- **Importe:** a garantía deberá cubrir o importe do principal da débeda mailos xuros de mora que xere o aprazamento máis un 25 por cento da suma de ámbalas dúas cantidades.
- **Modalidade:** esixirase aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.
- **Dispensa:** non se esixirá garantía para o aprazamento ou fraccionamento de débedas en período voluntario de pago cuxa contía (na data da solicitude) non exceda de 1.500,00€.

► **Documentación necesaria**

- Formulario da solicitude debidamente enchido..
- Acreditación da titularidade da conta bancaria.
- Documento e/ou xustificantes da motivación que se alega e que considera oportunos en apoio do pedimento.
- Compromiso formal e irrevogable da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca de formalizar o aval ou certificado de seguro de caución para o caso en que se conceda o fraccionamento ou aprazamento solicitado.
- Plan de pagos.
- Garantía que se ofrece conforme a o disposto no artigo 82 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeneral Tributaria.
- No caso de solicitar dispensa de garantía, alegaranse os motivos e achegarase ademais a seguinte documentación:
 - o Declaración responsable e xustificación documental manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía.
 - o Xustificación documental da imposibilidade de obter aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, na que consten as xestións efectuadas para a súa obtención.
 - o Balance e conta de resultados dos tres últimos anos e informe de auditoría, se existe, no caso de empresarios ou profesionais obrigados por lei a levar contabilidade.
 - o Plan de viabilidade e calquera outra información que xustifique a posibilidade de cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado.

► Información

Estas solicitudes que afecten a débedas en período executivo poderán presentarse en calquera momento anterior á notificación do acordo de alleamento de bens.

As cantidades aprazadas ou fraccionadas sempre producen xuros de mora. No caso de que a débeda estea totalmente garantida con aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, o xuro de mora esixible será o xuro legal que corresponda ata a data do seu ingreso.

Non son aprazables nin fraccionables as seguintes débedas:

- As de contía inferior a 300,00€.
- As de vencemento periódico e notificación colectiva (recibos de padrón).
- As que se exaccionan por medio de efectos timbrados
- As suspendidas, por iniciativa de parte, cando recaera sentenza firme en contra

► Tramitación

Se a solicitude ou a documentación presentada tiveran algún defecto, ou non se achegara toda a documentación precisa, concederáselles ao interesado o prazo de dez días para que subsane as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que o faga, archivarase a solicitude sen máis trámites. (46.6RXR)

A solicitude resólvese coa Resolución do concelleiro de goberno responsable da Area de Medio Ambiente Urbano e Facenda que se notificará ao interesado no seu domicilio. O prazo para resolver é de seis meses.

► Normativa reguladora

Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria. (LXT)

Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.(RXR)
